

ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2011-2012

**Infantil
Primaria
Secundaria
Bacharelato**

O obxectivo desta guía é reunir, nun só documento, toda a información sobre a Oferta municipal de actividades escolares, co obxectivo de potenciar e facilitar a participación de toda a comunidade educativa da localidade.

Esta guía revela tanto a ampla oferta municipal de actividades que presenta o Concello do Grove para o curso 2011-2012, como a ampla coordinación entre as diferentes concellerías para ofrecer un programa amplo e variado, que facilite a formación das alumnas e alumnos dos diferentes centros en temas tan variados como o medio ambiente, a igualdade, a tolerancia, o consumo... Con toda esta oferta programática, preténdese aportar os recursos municipais para contribuír ao aumento da calidade da ensinanza pública, dar a coñecer os servizos municipais e seu entorno aos escolares, e fomentar a participación dos escolares na vida municipal.

Nesta guía de actividades colaboran as concellerías de Educación; Participación Cidadá, Mar e Igualdade e Benestar; Comercio e Mercados; Medio Ambiente, Limpeza, Seguridade Cidadá, Deportes e Xuventude; e Novas Tecnoloxías, Documentación e Patrimonio.

ACTIVIDADES PARA NAIS E PAIS CON NENOS EN IDADE ESCOLAR

NOME DA ACTIVIDADE: ESCOLA MUNICIPAL DE NAIS E PAIS

OBXECTIVOS

Formar, motivar e interesar ás nais e pais en todo o que concirne á súa formación como persoas, como parella e a educación dos seus fillos.

Favorecer unha maior toma de conciencia da responsabilidade que as nais e pais teñen como educadores.

Propoñer recursos e pautas que sirvan para previr e/ou afrontar algúns dos problemas comúns que se producen en relación coas fillas e fillos.

DESTINATARIOS

Familias con fillos en idade escolar.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O Programa da Escola de Pais e Nais é unha proposta dirixida ás persoas adultas que desexen participar nun proxecto común de formación. Cada escola supón un acordo de colaboración entre un grupo de nais e pais que deciden organizar de forma sistemática accións para a súa formación, baseada fundamentalmente no diálogo e na reflexión compartida.

LUGAR

Edificio de Usos Múltiples – Casa Azul.

HORARIOS

Primeiro mércores de cada mes, de 20:00 a 22:00 horas.

INSCRICIÓN

Nas oficinas municipais, en horario de mañá ou os luns e martes de 18.00 a 20.00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: EMOCIÓN EN FAMILIA

OBXECTIVOS

Fomentar o desenvolvemento de competencias persoais que inflúan de maneira positiva na dinámica familiar, mellorando así o benestar familiar e individual.

DESTINATARIOS

Nais e pais con fillos en idade escolar.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Actividade dirixida a pais e nais. A través destes talleres preténdese crear espazos de interacción e reflexión onde os pais e as nais adquiran coñecementos e ferramentas necesarias para mellorar a comprensión dos seus fillos e fillas e a atención das súas necesidades emocionais nos diferentes momentos evolutivos.

DATAS

A determinar.

DURACIÓN

Catro sesións dunha hora e 30 minutos cada unha.

CENTRO OU INSTALACIÓN ONDE SE IMPARTE

Instalación municipal.

INSCRICIÓNS

Nas oficinas municipais. Informarase ás ANPAS do prazo de inscrición.

NOME DA ACTIVIDADE: FAMILIA CON FILLAS/OS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

OBXECTIVOS

Promover unha maior implicación dos pais e nais do Concello do Grove, como axentes de saúde e fomentar a adquisición/posta en práctica das competencias precisas para que poidan desenvolver esta importante función de forma axeitada.

DESTINATARIOS

Pais e nais.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Contidos:

- AUTORRESPONSABILIDADE E SAÚDE: ¿que poden facer eles/as?, ¿que temos que facer nós para que a adquiran?
- Ambiente familiar e educación: COMUNICACIÓN.
- A COHERENCIA EDUCATIVA no ámbito familiar e o cumprimento de normas.
- NEGOCIACIÓN e RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.
- Ambiente familiar e educación: A FAMILIA, CICLOS VITAIS, LÍMITES E XERARQUÍAS.

- Como DAR LIBERDADE / AUTONOMÍA aos nosos fillos/as sen perder seguridade / responsabilidade como pais / nais.
- Posición familiar sobre O TABACO, O ALCOL E O RESTO DE SUBSTANCIAS: conceptos básicos.

DATAS

DURACIÓN

A duración do programa abrangue todo o curso escolar. Levarase a cabo unha sesión por trimestre.

INSCRICIÓNS

Nas oficinas municipais. De luns a venres en horario de mañá. Os luns e martes de 18:00 a 20:00 horas.

ACTIVIDADES PARA NENAS E NENOS FÓRA DO HORARIO ESCOLAR

NOME DA ACTIVIDADE: NATACIÓN

OBXECTIVOS

Familiarización co medio acuático; iniciación aos estilos de natación.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Clases de natación os martes e os venres na Piscina Municipal de Cambados. Grupos de 40 nenos cada día. Comeza en novembro e remata en xuño. Desprazamento en autobús.

HORARIOS

Martes de 17:00 a 17:45. Saída do autobús ás 16.00 horas. Paradas Corgo-Cortiñas-Ardia.

Venres de 16:15 a 17:00. Saída do autobús ás 15.15 horas. Paradas Corgo-Terra de Porto-Cortiñas.

PREZO E INSCRICIÓNS

Matrícula 15 euros, por gastos de xestión e contratación dunha póliza de responsabilidade civil de cada neno.

Mensualidade 10 euros.

Durante o mes de outubro nas oficinas municipais ou ata completar as prazas dispoñibles. En horario de mañá ou os luns e martes de 18.00 a 20.00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: COÑECE O MAR

OBXECTIVOS

Achegar o mar e o sector do mar aos escolares; familiarización co medio.

DESTINATARIOS

Alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Sesións no exterior cos alumnos para coñecer diferentes ámbitos relacionados co mar:

- xornada coas mariscadoras;
- un día na lonxa;
- visita ao porto
- visita ao museo da salazón;
- percorrido pola praza de abastos.

DATAS DA ACTIVIDADE

Dous venres e sábados do mes de abril -a actividade coas mariscadoras dependerá das mareas-. Venres en horario de tarde, de 17:00 a 18:30 horas. Sábados, de mañá, de 11:00 a 12:30 horas.

INSCRICIÓNS

Durante o mes de marzo nas oficinas municipais. En horario de mañá ou os luns e martes de 18.00 a 20.00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: COÑECENDO E DISFRUTANDO DA BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

Experimentar a biblioteca como un entorno máximo de encontro cos libros e con outros nenos e nenas

Establecer un primeiro contacto cos libros dunha maneira lúdica, facilitando o xogo

Desenvolver hábitos básicos de comportamento na biblioteca

Recoñecer o uso da biblioteca como un lugar para buscar información

Crear un clima ameno, positivo, lúdico e favorable cara á lectura

Iniciar aos nenos e nenas na metodoloxía bibliotecaria

Espertar a imaxinación e a creatividade mediante os recursos que ofrece a lectura

DESTINATARIOS

Alumnos de Infantil e Primaria (de 5 a 10 anos)

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Conxunto de actividades ou actuacións de carácter pedagóxico que pretende acadar a máxima utilización das posibilidades informativas das bibliotecas, a través de obradoiros lúdicos que buscan despertar o interese do neno pola lectura, ben a través de animacións, de xogos ou manualidades de acordo coas idades de cada grupo.

HORARIOS

Xoves de novembro a maio. Os alumnos estarán divididos en grupos de sesións dunha hora e media cada un e segundo as idades.

LUGAR

Biblioteca Municipal Lueiro Rey

PREZO E INSCRICIÓNS

Matrícula 15 euros, por gastos de xestión e contratación dunha póliza de responsabilidade civil de cada neno.

5 euros ao mes -utilizaranse para materiais para as actividades-.

As inscricións faranse durante o mes de outubro nas oficinas municipais, en horario de mañá ou os luns e martes de 18:00 a 20:00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: BEBETECAS

OBXECTIVOS

Iniciar ao neno no coñecemento dos libros e as bibliotecas.

Involucrar aos adultos neste proceso.

Que os nenos e nenas xunto cos seus pais e nais se acostumen a vir á biblioteca.

Axudar aos usuarios a adquirir hábitos de comportamento tales como manter a orden, escoitar con atención, gardar os libros, ter as mans limpas cando se lee...

Favorecer que os usuarios se relacionen con nenos, mozos e adultos de outros ámbitos culturais

DESTINATARIOS

De 0 a 6 anos.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Pais e fillos deben atopar na biblioteca outra forma de xogar e estimular a creatividade e a intelixencia. A través das bebetecas pódense desenvolver experiencias de estimulación temperá coa lectura, nas que pais e nais axudan aos nenos e nenas a adquirir e desenvolver habilidades motoras, cognitivas e socio- afectivas; observando ao mesmo tempo, cambios no seu desenvolvemento. O persoal da biblioteca procurará orientar aos pais e nais sobre os libros axeitados para levarse á casa e "lelos" xuntos. Tamén se organizarán conferencias, coloquios, mesas redondas.

HORARIO

O horario de apertura da Bebeteca será o mesmo que o da biblioteca.

LUGAR

Casa da Cultura Lueiro Rey.

NOME DA ACTIVIDADE: LUDOTECAS ITINERANTES

OBXECTIVOS

Fomentar actitudes de busca, creatividade e desenvolvemento da imaxinación a través de xogos, xoguetes e talleres.

Favorecer, a partir do xogo, o seu desenvolvemento social, afectivo, intelectual e físico.

Propiciar formas positivas de comunicación entre o grupo e de idades similares.

Ampliar a oferta de actividades lúdicas fóra do horario escolar.

DESTINATARIOS

Nenos de 3 a 9 anos, divididos en dous grupos segundo o tramo de idade.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Obradoiros de creatividade e manualidades; sesións de xogos alternativos e psicomotrices; cancións e danzas...

DATAS DA ACTIVIDADE

Desenvolveranse entre xaneiro e xuño, unha hora e media á semana por grupo.

HORARIO

Venres: Casa da Cultura de San Vicente

Sábados: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

PREZO E INSCRICIÓN

Mensualidade 10 euros

Matrícula 15 euros, por gastos de xestión e contratación dunha póliza de responsabilidade civil de cada neno.

O prazo de inscrición abrírase en decembro nas oficinas municipais, en horario de mañá ou os luns e martes de 18:00 a 20:00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: DANZANDO

OBXECTIVOS

Acercar as danzas tradicionais do mundo e as súas músicas ao alumnado de idades comprendidas entre os 8 e os 10 anos.

Lograr el desenrolo da memoria auditiva e do movemento partindo dunha análise elemental, para recoñecer as diferentes partes dunha música ou danza, distinguindo os elementos así como la secuencia temporal.

Sentir a danza e a música como unha forma de socialización e diversión, es dicir, comprender, interpretar e gozar da danza e a música tradicional.

Gozar a través do movemento desenrolando a espontaneidade, contribuíndo ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.

DESTINATARIOS

Educación primaria

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Metodoloxía práctica, xa que as sesións inícianse cunha breve explicación acerca do país de orixe, o vestiario...para despois ensinar cada uno dos pasos nos que se divide a danza como elemento previo ao montaxe na súa totalidade.

DATAS

Mércores de abril ou maio.

DURACIÓN

1 hora cada día.

PREZO E INSCRICIÓN

O prazo de inscrición abrírase en marzo nas oficinas municipais, en horario de mañá ou os luns e martes de 18:00 a 20:00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: XORNADA DE RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE XUVENTUDE

OBXECTIVO

Que a mocidade coñeza os recursos que ten á súa disposición.

DESTINATARIOS

A partir de 16 anos.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.
Rede de Espazos Xove de Dinamización e Emnicipación Xuvenil.
Centros e instalacións xuvenís.
Campaña de Verán.
Certames Xuvenís.
Promoción do asociacionismo xuvenil.
Apoio aos Estudiantes.
Carnés para a mocidade.
Programas de formación.
Intercambio Xuvenil.
Subvencións.

DATA

Mércores 19 de outubro, ás 18.00 horas.

LUGAR

Edificio de Usos Múltiples – Casa Azul.

NOME DA ACTIVIDADE: OBRADOIRO DE ORIENTACIÓN LABORAL

OBXECTIVO

Achegar o mercado laboral à mocidade grovense, a través da mellora das súas capacitacións profesionais.

Proporcionarlles os medios necesarios para facer compatible o desenvolvemento profesional coas esixencias da vida persoal e familiar.

DESTINATARIOS

Maiores de 16 anos.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Introducción sobre as técnicas de búsqueda de emprego: autoevaluación do candidato e análise DAFO; coñecemento do mercado laboral xuvenil e os posibles nichos de emprego; medios para atopar emprego; e Programa EMPRENDE da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Ferramentas para a búsqueda de emprego: modelos de curriculum vitae; carta de presentación e preparar a entrevista de traballo.

DATA

Mércores 26 de outubro ás 18:00 horas.

LUGAR

Edificio de usos múltiples – Casa Azul

NOME DA ACTIVIDADE: FORMACIÓN

OBXECTIVOS

Ofertar programas, recursos e actividades para os mozos e mozas do municipio, co fin de potenciar a súa integración no mundo laboral, acadar un maior enriquecemento cultural e persoal, fomentar a cultura entre os mozos e mozas e facilitar a autonomía e o acceso ó mercado laboral.

DESTINATARIOS

Maiores de 16 anos.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Cursos formativos durante o ano. Proximamente comezará o curso Linguaxe de signos, organizado a través do programa Actívate da Deputación de Pontevedra. Tamén se organizan cursos de manipulador de alimentos para os sectores de hostalería, conserveira e minorista, entre outros cursos formativos.

DATAS

Por pechar.

LUGAR

Edificio de usos múltiples – Casa Azul.

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COS CENTROS ESCOLARES

NOME DA ACTIVIDADE: PRIMEIROS AUXILIOS NA ESCOLA

OBXECTIVO

O obxectivo é capacitar aos alumnos en técnicas básicas de primeiros auxilios, para fortalecer a capacidade de resposta inmediata da escola ante unha emerxencia, pois a persoa máis próxima á vítima é a que debe saber como reaccionar.

DESTINATARIOS

Destinado a alumnos e profesores.

DESCRIPCIÓN

Impartido por persoal do servizo municipal de emerxencias.

INSCRIPCIÓN

O centro debe solicitar o taller, que se desenvolverá nos días e nas horas acordadas.

NOME DA ACTIVIDADE: ALIMÉNTATE BEN

OBXECTIVOS

Os cambios físicos, psíquicos e relacionados con estas idades inflúen na percepción do corpo e a imaxe na persoa adolescente. Este feito está intimamente relacionado coa alimentación e por suposto coa saúde.

DESTINATARIOS

Alumnos da ESO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Saber cales son os alimentos de tempada.

Distinguir entre os distintos tipos de peixe.

Analizar os aspectos relacionados coa alimentación e a súa problemática actual.

Desenvolver hábitos alimentarios adecuados.

Coñecer o Mercado do Grove.

DATAS

Días e horarios a convir con cada centro.

NOME DA ACTIVIDADE: TALLER DE BEBIDAS SAUDABLES

OBXECTIVOS

Proporcionar unha alternativa saudable que empece a formar parte dos seus valores e estilo de vida.

Promover o consumo de bebidas diferentes e alternativas ás estandarizadas no seu medio habitual.

DESTINATARIOS

Alumnado do 1º, 2º e 3º ciclo de Educación Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Sesións previas. Traballo na aula. Profesorado. Facílanse varias fichas de traballo, adaptadas aos diferentes cursos/idades.

Taller. Elaboración dos zumes. Servizo de Prevención. O ingrediente principal desta actividade é a froita variada. Mediante a súa combinación e mestura nunha licuadora realizaranse zumes variados co obxectivo de que estes constitúan unha alternativa saudable para os máis novos/as.

Ficha para entregar ao pai/nai. Decálogo sobre alimentación.

DATAS

A concretar co centro.

LUGAR

Centros educativos, durante as horas lectivas.

NOME DA ACTIVIDADE: CINE E SAÚDE NA ESCOLA

OBXECTIVOS

Favorecer unha actitude crítica e de autoafirmación mediante a análise de cada película.

Fomentar a adquisición de valores persoais que contribúan á adopción dun estilo de vida saudable.

DESTINATARIOS

Alumnado do terceiro ciclo de Educación Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

As sesións de cine preséntanse coma un importante instrumento motivador e didáctico.

Realizarase a observación e comentario de situacións e actitudes relacionadas coas personaxes da película proxectada.

Para isto, facilitaráselle ao profesorado a unidade didáctica e o DVD de diversas películas ("Cars", "Valiant", "Pinocho 3000", "5 chicos & esto", "El sueño de una noche de San Juan").

DATAS

A determinar polos centros educativos.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: O TABACO. O FUMADOR ARTIFICIAL.

OBXECTIVOS

Xerar unha actitude fundamentada na reflexión que leve ao neno/a ao rexeitamento do consumo de tabaco.

Promover a toma de decisións valorando as consecuencias dos propios actos.

Transmitir de forma experiencial parte dos efectos e consecuencias do consumo de Tabaco.

DESTINATARIOS

Alumnado do 5º curso de Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Sesións previas. Traballo na aula. Profesorado/ Servizo de Prevención. Facílanse varias fichas, adaptadas aos diferentes cursos/idades, para traballar aspectos centrados no tabaco (efectos, espazo sen fume) e na curiosidade.

Taller. Construción do fumador artificial. Servizo de Prevención.

Ficha para entregar ao pai/nai. Decálogo sobre tabaco.

DATAS

A concretar cos centros.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE DROGODEPENDENCIAS: USO/ABUSO DE SUBSTANCIAS.

OBJETIVOS

Transmitir conceptos básicos sobre tabaco e alcol, desmitificando os "aspectos positivos" que rodean ás substancias.

Fomentar que en base á información recibida, os alumnos/as se auto responsabilicen da súa propia saúde, e sexan capaces de tomar decisións ao respecto.

DESTINATARIOS

Alumnado do 6º curso de Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Sesión impartida polo Servizo de Prevención.

Pártese dunha choiva de ideas sobre alcol e tabaco, aclarando conceptos e dúbidas que vaian xurdindo.

Especial dedicación a: os mitos e as actitudes/razóns para consumir.

Reformular qué saben e qué deben saber como punto de partida para tomar decisións responsables en relación coa súa saúde.

DATAS

A concretar cos centros.

DURACIÓN

Sesións de 50-60 minutos.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: A PRESIÓN DO GRUPO. TOMANDO DECISIONS.

OBJETIVOS

Coñecer e interiorizar conceptos como a presión de grupo, toma de decisións, autoestima, asertividade, responsabilidade.

Analizar conxuntamente a presión que exerce o grupo de iguais.

Chegar a ser conscientes das situacións nas que é difícil defender as ideas ou dereitos propios, ou expresar libre e sinceramente os sentimentos pola presión dos diferentes grupos cos que se establece relación.

DESTINATARIOS

Alumnado do 6º curso de Primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Sesións impartidas polo Servizo de Prevención.

1ª sesión. Lectura de viñetas. Fichas individuais. Posta en común. Dinámica "que tres cousas levarías a unha illa deserta". Aspectos a traballar: a diversión; razóns para o consumo; que é a presión de grupo.

2ª sesión. Choiva de ideas "un amigo/a é". Fichas individuais. Posta en común. Aspectos: influencia das amizades; os comportamentos; os dereitos asertivos.

DATAS

A concretar cos centros.

DURACIÓN

Dúas sesións de 50-60 minutos cada unha.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: A PRESIÓN DO GRUPO. TOMANDO DECISIÓNS.

OBXECTIVOS

Prever a presión do grupo de iguais.

Analizar a influencia da presión social sobre as nosas decisións.

Facilitar estratexias que capaciten ao alumnado a unha toma de decisións responsable.

Proporcionar habilidades que reforcen a autoestima e asertividade individual.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 1º, 2º e 4º da ESO

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Realizaranse dinámicas que teñan como finalidade que o alumnado sexa consciente de que hai moitas ocasións e situacións, nas que é difícil defender as nosas ideas, os nosos dereitos, ou expresar libre e sinceramente os propios sentimentos por presión de diferentes grupos cos que nos relacionamos.

DATAS

A concretar co centro.

DURACIÓN

A duración estimada do taller é dunha sesión de 50 minutos por curso atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE DROGODEPENDENCIAS: USO/ABUSO DE SUBSTANCIAS

OBXECTIVOS

Transmitir conceptos básicos sobre tabaco, alcohol, cannabis, cocaína e drogas de síntese desmitificando os "aspectos positivos" que rodean ás substancias.

Fomentar que en base á información recibida, os alumnos/as se autorresponsabilicen da súa propia saúde, e sexan capaces de tomar decisións ao respecto.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 1º, 2º e 3º de ESO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Partirase dunha choiva de ideas sobre as distintas "substancias" para posteriormente responder as súas dúbidas con información adaptada ao grupo de idade.

Así ben, centrarémonos no tabaco e no alcohol no primeiro ciclo da ESO e en substancias como o cannabis, cocaína e drogas de síntese no segundo ciclo desta etapa.

Debemos plantexarnos que saben e que deben saber, como punto de partida para tomar decisións responsables en relación coa súa saúde.

DATAS

A concretar cos centros.

DURACIÓN

A duración estimada do taller é dunha sesión de 50 minutos por curso atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: TALLER DE RESPONSABILIDADE AFECTIVO-SEXUAL

OBXECTIVOS

Fomentar que en base á información/formación recibida, os alumnos/as se autorresponsabilicen da súa propia saúde, e sexan capaces, en función dos coñecementos adquiridos, de controlar e tomar decisións ao respecto a nivel comportamental/conductual.

Proporcionar claves e habilidades que axusten a percepción de risco á realidade.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 3º da ESO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Dende unha perspectiva global da educación para a saúde traballaranse distintos temas relacionados coa sexualidade, métodos anticonceptivos, ETS, entre outros, co obxectivo de concienciar ao alumnado da súa responsabilidade respecto a súa saúde.

Así ben, estes temas serán traballados atendendo ás características do grupo-idade ao que vai dirixido.

DATAS

A concretar co centro.

DURACIÓN

A duración estimada do taller é dunha sesión de 50 minutos atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros educativos

NOME DA ACTIVIDADE: TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS

OBXECTIVOS

Contribuír ao desenvolvemento das habilidades sociais e de interacción grupal do alumnado.

Fomentar as capacidades persoais como factores de protección dende unha óptica de educación para a saúde/prevención do consumo de drogas.

Promover modelos de conduta positivos que faciliten a socialización a través do uso de diferentes elementos audiovisuais.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 2º da ESO.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Fomento da participación activa na aula, mediante o emprego de elementos audiovisuais como a música e o vídeo, traballando os temas posteriormente mediante o debate e/ou fichas de traballo.

DATAS

A concretar co centro.

DURACIÓN

A duración estimada do taller é dunha sesión de 50 minutos atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: PROGRAMA COCA, QUE?

OBXECTIVOS

Disuadir ou retrasar o inicio do consumo de cocaína entre o alumnado.

Promover unha actitude crítica cara a diferentes condutas ou prexuizos individuais e sociais, con e sen relación coa cocaína, que contribúen a xerar unha sociedade pouco solidaria e pouco sostible.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 4º da ESO.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Visita á exposición, que consta de 10 paneis que abordan situacións relacionadas coa cocaína facendo un paralelismo con outras situacións máis cotiás e xerais.

Deste xeito, a análise crítica de aspectos relacionados con esta substancia pódese aplicar a outros temas e viceversa, estando deseñados os seus contidos para que calquera persoa poida sacarlle proveito, independentemente do seu grado de coñecementos e/ou contacto con dita substancia.

Actividades complementarias agrupadas en 3 sesións, predominando o traballo en grupos e a posta en común e o debate.

Sesión 1: Eu tamén quero

Sesión 2: De verdade que non

Sesión 3: O que eu faga non é cousa túa

DATA

A concretar cos centros.

DURACIÓN

A duración do taller é de 3 sesións, de 50 minutos cada unha. Recoméndase que as sesións sexan contínuas, non pasando máis dunha semana entre elas.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: QUE MONOS QUE SON!

OBXECTIVOS

Educar na adquisición dunha serie de pautas hixiénicas encamiñadas á previr a transmisión de enfermidades entre os animais e as persoas-
Promover a adopción responsable dos animais de compañía e evitar o seu abandono.

Inculcar un conxunto de actividades no que ríspeta á tenencia de animais, có obxecto de evitar problemas na convivencia entre estes e as persoas.

DESTINATARIOS

Educación primaria

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Un veterinario ou veterinaria lles falará sobre diversos temas que afecten aos animais de compañía.

DATAS

A convir co centro escolar.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: TALLER DE PUBLICIDADE E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

OBXECTIVOS

Coñecer, analizar e valorar a influencia do medio social nos hábitos do alumnado.

Analizar e valorar os elementos da publicidade e a súa influencia nos consumidores.

Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica ante a publicidade e o consumo con efectos negativos para a saúde.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 1º e de 3º de ESO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A publicidade ocupa un lugar importante entre as fontes de información que poden influír nas nosas opinións e comportamentos.

En moitas ocasións, consegue influír nas nosas decisións sen que sexamos conscientes diso.

Nesta liña, analizaremos distintas técnicas publicitarias que permitan ao alumnado facer unha análise crítica sobre a mesma.

DATA

A concretar cos centros.

DURACIÓN

A duración estimada do taller é dunha sesión de 50 minutos por curso atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: EDUCACIÓN VIAL

OBXECTIVO

O obxectivo é sensibilizar aos alumnos sobre os riscos da circulación, e preparalos para que fagan fronte ás responsabilidades que teñan como peatóns ou que adquiran como condutores de vehículos: bicicletas...; e axudarlles a tomar conciencia da súa responsabilidade na vida social, de forma que poidan contribuír a mellorar as condicións de circulación, velando pola propia seguridade e o comportamento de maneira responsable, tendo en conta aos demais usuarios.

DESTINATARIOS

Destinado a alumnos de primaria.

DESCRICIÓN

Impartido pola Policía Local do Grove.

INSCRICIÓNS

O centro debe solicitar a actividade, que se desenvolverá nos días e nas horas acordadas.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: CONMEMORACIÓN DOS DEREITOS DOS NENOS – PLENO INFANTIL MUNICIPAL

OBXECTIVOS

Potenciar actitudes de participación democrática mediante un proceso electoral completo en torno ao centro e mediante a utilización de tecnoloxías da información e a comunicación na aula.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Có lema “Mellorando o meu pobo”, realizaránse, nos propios Centros Educativos, con anterioridade ao Acto Institucional del Pleno Infantil, as seguintes actividades:

Do 24 de outubro ao 3 de novembro: constitución de diferentes candidaturas, campaña electoral en torno ao lema, aportando proxectos que permitan mellorar O Grove.

Día 4 de novembro: celebración das ELECCIÓNS A CONCELLAIS INFANTÍS, en cada uno dos Centros Educativos e envío das actas có resultado de votacións onde se reflictan os 17 concelleiros infantís que representarán aos seus Centros no Pleno Infantil.

Do 7 al 17 de novembro: intercambio có resto dos centros, a través de correo electrónico, dos diferentes traballos realizados en cada Centro Educativo.

20 de novembro: celebración do pleno infantil ante a presenza da corporación municipal.

DESTINATARIOS

Alumnos da ESO.

DATAS

Todo el proceso electoral, incluídas as eleccións a concelleiros infantís, realízanse en cada Centro Educativo.

O Pleno Infantil celébrase no Salón de Plenos do Concello.

ACTIVIDADE: PUNTOS DE INFORMACIÓN NOS INSTITUTOS

DESTINATARIOS

Educación secundaria obrigatoria e Bacharelato

OBXECTIVOS

Descentralizar a información da OMIX

Fomentar o uso dos recursos municipais

Servir como espazo de encontro e intercambio de información

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Facilitar á mocidade e ao profesorado do centro información de interese nos seus centros de estudo.

DATAS

Outubro a xuño

HORARIO

Durante o recreo

CENTROS

IES Monte da Vila e IES Bizocas

NOME DA ACTIVIDADE: DÍA DA PAZ

OBXECTIVO

Conmemorar o día mundial escolar da paz e a non violencia. Inculcar a paz, a cooperación e a solidariedade en todas as actividades escolares e non escolares.

DESTINATARIOS

Alumnos de infantil e primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Ás 12:30 horas, concentración dos diferentes colexios da zona diante do concello, recollida de pegatinas e globos. Serán recibidos e saudados polo alcalde. Procederase á lectura a cargo dun alumno de cada centro dun texto solidario a favor da paz. Para finalizar, solta de globos e pancarta. Os alumnos cantan xuntos a canción "No dudaría".

DATA

30 de xaneiro

NOME DA ACTIVIDADE: SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA

OBXECTIVOS

Fomentar entre os escolares a lectura dos xornais e axudarlles a desenvolver un sentido crítico.

DESTINATARIOS

Dirixido a alumnos de 5º e 6º de primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Visita ao centro de xornalistas da comarca, que achegarán moitos aspectos da profesión aos alumnos e tamén darán algún consello para escribir mellor.

INSCRICIÓN

O centro debe solicitar o taller, que se desenvolverá nos días e nas horas acordadas.

Proposta: adhesión ao programa Prensa-Escuela da Voz de Galicia.

NOME DA ACTIVIDADE: FELICITA O NADAL

OBXECTIVO

Adaptar o comportamento ás distintas celebracións e actividades en torno ao Nadal.

Fomentar os valores de solidariedade, cooperación e respecto.

Disfrutar de xornadas lúdicas en torno á celebración.

DESCRINCIÓN DAS ACTIVIDADES

Concurso de postais de Nadal para os alumnos.

Visita do carteiro real aos alumnos de educación infantil dos distintos centros.

Festival de panxoliñas na Casa da Cultura Lueiro Rey.

DATAS DA ACTIVIDADE

As bases do concurso de postais presentaranse aos centros en novembro. O carteiro real visitará os centros durante a última semana de colexio, previa solicitude do centro. Establecerase, en colaboración cos centros, o día do festival de panxoliñas.

NOME DA ACTIVIDADE: OLIMPIADA ESCOLAR

OBXECTIVOS

Impartir o espírito olímpico.

Desenvolver o entre os alumnos a idea "o importante é participar".

Desenvolvemento das habilidades básicas.

DESTINATARIOS

CEIP públicos do Concello do Grove

DESCRINCIÓN DAS ACTIVIDADES

Con motivo da celebración das Olimpíadas 2012 de Londres, organizar unhas olimpíadas escolares entre os diferentes centros, nas modalidades de fútbol, baloncesto e balonmán.

DATAS

Terceiro trimestre do curso

HORARIO

Os partidos desenvolveranse os sábados en horario de mañá nos diferentes centros escolares.

NOME DA ACTIVIDADE: PREMIOS DE EXCELENCIA ACADÉMICA

OBXECTIVO

Fomentar e premiar o rendemento académico dos nosos alumnos.

DESTINATARIOS

Estudantes de bacharelato de centros locais

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O premio de Bacharelato se entrega nun acto final de curso e será para o mellor expediente académico.

NOME DA ACTIVIDADE: PONLLE AS PILAS AO TEU BOCATA

OBXECTIVO

Por de relevo unha das múltiples virtudes das conservas de produtos do mar: o seu valor como fonte de enerxía. Unha enerxía asociada á forza, vitalidade, crecemento, pero tamén xogo e diversión.

DESTINATARIOS

Alumnos de educación primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Ademais dun taller para ensinar aos escolares a preparar eles mesmos os seus bocatas con conservas, a campaña tamén consiste nun taller didáctico para aportarlles os coñecementos sobre as diferentes especies de peixe e moluscos e os seus aportes nutricionais.

DATAS

Pendente de subvención.

NOME DA ACTIVIDADE: ABRE OS OLLOS

OBXECTIVOS

Visualización dos diferentes hábitos e costumes que axudan a evitar a desigualdade de xénero a través das dinámicas de grupo.
Promover un espazo para animación do tempo de lecer.

DESTINATARIOS

Educación primaria ou ESO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Técnicas de dinámica de grupo para que os nenos visualicen estas diferenzas de xénero e apliquen hábitos que fomenten a igualdade.

DATAS

Durante o mes de novembro, a convir cos centros educativos.

HORARIO

En horario lectivo. Unha hora e media cada clase.

LUGAR

Instalacións municipais.

NOME DA ACTIVIDADE: TARXETA VERMELLA Á VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVOS

Visualización dos diferentes hábitos e costumes que axudan a evitar a desigualdade de xénero a través das dinámicas de grupo.
Promover un espazo para animación do tempo de lecer.

DESTINATARIOS

Alumnos de primaria

DATAS

25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

HORARIO

12.00 horas

LUGAR

Praza do Concello do Grove.

NOME DA ACTIVIDADE: NA CASA, MELLOR ENTRE TODAS E TODOS

OBXECTIVOS

Analizar a división sexual do traballo (emprego e traballo doméstico e de coidados) e as súas consecuencias para as mulleres e os homes.

Reflexionar sobre os usos do tempo de mulleres e homes no espazo público, privado e doméstico.

Crear un espazo onde considerar a necesidade de adquirir compromisos persoais para corrixir a situación desigual de partida.

DESTINATARIOS

Alumnado de ESO e Bacharelato

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Taller dirixido a persoas xoves onde promoveremos a toma de conciencia da desigualdade real entre homes e mulleres en relación á división sexual do traballo, o reparto de tarefas domésticas e de coidado, e os usos do tempo e do espazo de mulleres e homes.

DATAS

A concretar co centro escolar.

HORARIO

Dentro do horario lectivo, a concretar co centro.

LUGAR

Centro escolar.

NOME DA ACTIVIDADE: TALLERES EN IGUALDADE

OBXECTIVOS

Educar na igualdade de xénero.

Tomar conciencia das nosas identidades.

Xerar un pensamento crítico en relación á sociedade contemporánea.

DESTINATARIOS

ESO e Bacharelato.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Esta actividade ten como obxectivo debater e reflexionar en torno a problemáticas que xorden das desigualdades entre mulleres e homes.

DURACIÓN

Poderán ser sesións dunha hora, 1 hora e 30 minutos ou 2 horas, en función del perfil e necesidades do grupo.

DATAS

As visitas están suxeitas ao calendario do centro.

HORARIO

A convir co centro.

LUGAR

Centros educativos.

NOME DA ACTIVIDADE: COMO MANEXAR AS MIÑAS EMOCIÓN

OBXECTIVOS

Facilitar aos nenos e nenas e adolescentes unha axeitada xestión das emocións, dotándoos dos recursos necesarios para manexar e canalizar as súas emocións dunha forma adecuada a cada situación e para identificar as emocións das persoas que lles rodean.

Promover a competencia persoal e social.

Previr nos nenos, nenas e adolescentes posteriores dificultades no desenvolvemento cognitivo, emocional e social.

DESTINATARIOS

Educación primaria (3º, 4º, 5º y 6º nivel), ESO e Bacharelato.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Taller dirixido aos rapaces de 8 a 18 anos no que a través dunha dinámica participativa traballase a identificación de emocións como a rabia, o medo, a ansiedade..., como un primeiro paso para unha adecuada xestión das mesmas. É necesario proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes ferramentas que lles axuden a manexar estas emocións de maneira que poidan conseguir expresar e manifestalos de forma positiva.

DATAS

Seis sesións dunha hora en datas e horario a determinar polo centro.

NOME DA ACTIVIDADE: RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

OBXECTIVOS

Aprender a convivir cón conflito e a afrontalo de maneira constructiva.
Que os xoves adquiran valores de respecto e cidadanía cívica, así como desenrolen estratexias aplicables á súa vida diaria.

DESTINATARIOS

ESO (3º e 4º curso) e Bacharelato.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Talleres dirixidos a educar aos xoves na resolución de conflitos. Os talleres estarán impartidos polo educador familiar.

DATAS

A concretar co centro.

DURACIÓN

Catro sesións de dúas horas a dúas horas e media.

NOME DA ACTIVIDADE: COMO POÑERNOS DE ACORDO

OBXECTIVOS

Dotar ás persoas menores de idade de ferramentas para a resolución, xunto cós seus pais e nais de conflitos familiares.

Fomentar e facilitar el diálogo entre pais e fillos

Visualizar os valores positivos da familia en xeral e das persoas menores de idade en particular.

Axudar ás persoas menores de idade como membros da familia a crear hábitos de comportamento construtivos.

DESTINATARIOS

Educación primaria ((3º, 4º, 5º e 6º), ESO, Bacharelato.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Taller dirixido aos xóvenes para traballar sobre a convivencia familiar e comunicación familiar e a comunicación entre pais e fillos.

A metodoloxía é de grupo, activa e participativa. As sesións serán prácticas e adaptadas á idade.

DURACIÓN

Sesións dunha hora.

LUGAR

Centro que realice a solicitude.

NOME DA ACTIVIDADE: MEMORIA DO POBO

OBXECTIVOS

Dar a coñecer a forma de vida de fai 50 anos.
Potenciar a capacidade de atención na aula.
Promover o respecto ás persoas maiores.

DESTINATARIOS

Educación primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade trata de dar a coñecer aos e ás escolares o modo de vida no noso pobo no pasado, comparando a infancia das persoas maiores có modo de vida da infancia actual. Persoas voluntarias acudirán ao centro escolar para expoñer os seus recordos de infancia.

DURACIÓN

De 50 a 60 minutos.

HORARIO

Mañá ou tarde.

LUGAR

Centros escolares.

NOME DA ACTIVIDADE: TRADICIÓN ORAL

OBXECTIVOS

Recuperar a riqueza das formas tradicionais de tradición oral.

Impulsar unha actitude positiva ante a expresión a través da poesía, contos, trabalinguas, adiviñas...

Posibilitar o intercambio xeracional a través da expresión oral.

DESTINATARIOS

Educación primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Co obxectivo principal de posibilitar o intercambio xeracional, un grupo de persoas maiores dinamiza unha sesión de expresión oral: recitar poesías, contar contos, historias, trabalinguas, adiviñas... Esta actividade ofrece a posibilidade de escoitar e escenificar historias, contos... todas relacionadas coa tradición oral.

DATAS

Do 15 de novembro de 2011 a maio de 2012.

DURACIÓN

Unha hora.

HORARIO

A concretar polo centro escolar.

LUGAR

Centro escolar.

NOME DA ACTIVIDADE: MAXIA POTAXIA

OBXECTIVOS

Gozar dun espectáculo artístico en grupo.
Desenvolver a imaxinación e a creatividade.

DESTINATARIOS

Alumnos de educación infantil e primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O Concello do Grove ofreceralle aos centros a oportunidade de gozar dun espectáculo de maxia dentro do centro educativo.

DATAS

Durante o mes de decembro.

LUGAR

Nos centros escolares.

NOME DA ACTIVIDADE: ADOPTA UNHA ÁRBORE OU UNHA PLANTA

OBXECTIVOS

Dar a coñecer as masas forestais de Galicia.
Fomentar o coidado e a recuperación dos sistemas forestais autóctonos.

DESTINATARIOS

Educación infantil

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Campaña de sensibilización sobre as especies de árbores e arbustos autóctonos de Galicia.

1ª fase: recolleranse plantas e serán levadas a casa para o seu coidado.

2ª fase: as árbores e arbustos serán plantados e se procederá a realizar o coidado das plantas (abono, rego...).

DATAS

1ª fase será do 29 de novembro de 2011 ao 11 de xaneiro de 2012 e a 2ª fase do 22 de febreiro ao 13 de marzo de 2012.

DURACIÓN

Segundo as fases, entre unha hora e quince minutos e unha hora e media.

HORARIO

Variable segundo quedas e fases.

NOME DA ACTIVIDADE: MURALISMO NOS CENTROS ESCOLARES

OBXECTIVOS

Deseñar e desenvolver un traballo artístico en grupo.
Embelecer o entorno escolar como medio para identificarse con el e desenvolver actitudes de respecto e coidado polos espazos comúns.

DESTINATARIOS

Educación primaria

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O taller de muralismo é unha proposta de participación do alumnado nunha actividade plástica de equipo, que reverte na mellora da estética do propio centro escolar.

Os distintos competirán por ter a mellor decoración.

DATAS

Visita do xurado no mes de abril.

HORARIO

Fase de deseño en horario escolar, fase de realización en horario extraescolar.

LUGAR

No propio centro escolar.

NOME DA ACTIVIDADE: CREA UNHA EXPOSICIÓN

OBXECTIVOS

Potenciar a creatividade e disfrute en torno ao feito expositivo.

DESTINATARIOS

Educación infantil e primaria

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A exposición é un modo de comunicación de teorías, emocións e ideas. Pero esta forma de expresión conta cos seus propios códigos e dinámicas. Con esta actividade queremos dar a coñecer cómo se constrúe unha exposición, ao tempo que ofrecemos a posibilidade de que as persoas asistentes sexan partícipes do proceso.

Mediante materiais audiovisuais mostrarase cómo organizar e montar a súa propia exposición. A actividade completárase coa exposición pública do traballo na Sala do Edificio Administrativo.

DATAS

A convir cos centros.

LUGAR

Nos centros escolares.

NOME DA ACTIVIDADE: TALLERES DE CONSUMO

OBXECTIVO

Tratar de maneira monográfica os temas clásicos da educación do consumidor co fin de educar a futuros consumidores conscientes e responsables.

DESTINATARIOS

Alumnos de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Talleres e obradoiros sobre diferentes temas relacionados co consumo.

DATAS

Pendente de subvención.

HORARIO

A determinar polo centro educativo.

LUGAR

Centro educativo.

NOME DA ACTIVIDADE: DE COMPRAS NO COMERCIO LOCAL

OBXECTIVO

Concienciar aos nenos e nenas sobre a importancia de comprar no comercio local e de coñecer os diferentes tipos de negocios.

DESTINATARIOS

Alumnos de educación infantil.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

En colaboración co Centro Comercial Aberto e EMGROBRES. Os alumnos visitarán os diferentes establecementos comerciais, coñecendo os tipos de

establecementos incluídos no Centro Comercial Aberto, así como as vantaxes do pequeno comercio.

DATAS

A concretar co centro.

LUGAR

Comercios do Centro Comercial Aberto De Tendas.

NOME DA ACTIVIDADE: VISITA ÁS EMPRESAS DO GROVE

OBXECTIVOS

Coñecer as empresas, os departamentos e os procesos de produción.

DESTINATARIOS

Alumnos de 3º e 4º da ESO, Bacharelato e ciclos.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Programa de visitas programadas a empresas do Grove, en colaboración con EMGROBES.

DATAS

Durante o curso escolar.

HORARIO

A determinar polo centro educativo.

NOME DA ACTIVIDADE: ELIMINACIÓN DE PLANTAS ALÓCTONAS

OBXECTIVO

Concienciar ao alumnado na preservación da flora autóctona e as consecuencias negativas que producen as especies alóctonas no ecosistema.

DESTINATARIOS

3º e 4º da ESO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os alumnos asisten a unha primeira charla-coloquio onde se vai poñer de manifesto a situación actual de este tipo de plantas. Unha vez explicado o procedemento a seguir, farase unha saída de campo para poñer en práctica o aprendido, seleccionando unha área de actuación na que se poñerá en marcha o programa. Inicialmente farase unha primeira saída para eliminar as plantas e despois unha segunda para observar a área tratada e comezar outras novas.

DATAS

Primeira saída en febreiro e segunda, en maio.

HORARIO

O horario aproximado será de 10:00 a 13:00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: A ILLA DA TOXA, A LENDA DO BURRO

OBXECTIVO

Contribuír ao reto de todos, como sociedade, de conservar a imaxe dun animal que formou parte durante séculos da vida diaria do noso pobo.

DESTINATARIOS

Alumnos de 4º e 6º de primaria

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Asociado aos muíños como os que existen no lugar do Esteiro, en Moreiras na parroquia de San Vicente, estes animais foron unha estampa constante do noso pobo. Hoxe en día perdéronse igual que o están entre os bosques de ribeira e a vexetación os muíños referidos. Tales obxectivos tornaríanse inviables, si a sociedade grovense e as novas xeracións de rapaces, carecen dun contacto directo con estes animais, sen información acerca das múltiples ocupacións deste para o beneficio do home e de forma non menos importante, sen un achegamento afectivo o animal. A aposta firme deste concello é axudar á recuperación de estes equinos que están en serio perigo de extinción e para elo ímolo facer a través dunha unidade didáctica no que o animal que está na illa da Toxa sexa o vehículo condutor para coñecer o parque forestal da illa da Toxa.

DATAS

Visita á zona recreativa dos burros no parque forestal da illa no mes de abril ou maio.

HORARIO

O horario aproximado será de 10:00 a 13:00 horas.

NOME DA ACTIVIDADE: CAMBIO CLIMÁTICO. O NOSO MUNDO, O NOSO FUTURO, A NOSA OPCIÓN

OBXECTIVO

Sensibilizar sobre a problemática actual e fomentar a participación da cidadanía na loita fronte ao Cambio Climático. Na medida en que o Cambio Climático é, sen dúbida, o maior impacto que ao longo da historia a especie humana exerceu sobre o noso planeta, o coñecemento desta problemática por parte dos alumnos resulta fundamental na loita contra este fenómeno.

DESTINATARIOS

6º de primaria

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A exposición pretende dar a coñecer o problema ambiental do Cambio Climático, informando sobre as súas causas e consecuencias a nivel global e tamén en Galicia, estimulando a reflexión dos visitantes propoñendo novos comportamentos e acción positivas co clima que loiten contra o cambio climático. O concello, como administración máis próxima ao cidadán, ten un papel fundamental neste proceso. Están chamados a ser ese vínculo que fomente e asegure un cambio de actitudes nos cidadáns co fin de asumir os valores e prácticas na súa vida cotiá que, a o mesmo tempo, contribúa á transformación do seu concello cara un desenvolvemento sostible

DATAS

No mes de xaneiro, a concretar co centro.

LUGAR

Casa da Cultura

HORARIO

Visita dunha hora de duración.

NOME DA ACTIVIDADE: RUTAS DE SENDEIRISMO

OBXECTIVO

Fomentar actividades ao aire libre en contacto coa natureza.

Dar a coñecer a riqueza medio ambiental e paisaxística do Grove.
DESTINATARIOS

6º de Primaria

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnos coñecerán unha das rutas homologadas pola Federación Galega de Montañismo existentes na península do Grove. Unha delas por exemplo é a de "Adro Vello". Esta zona é unha paraxe de contrastes na que poderemos acadar a Galicia rural, observar as praias de area fina e branca que invitan a quedarse e mergullarse na historia local plagada de referencias durante a camiñata. Ámboras dúas rutas están cheas de historia, nas que encontraremos o famoso xacemento de Adro Vello ou as antigas salgadeiras, fontes de riqueza e traballo do pobo durante séculos. As rutas son dun gran valor ambiental xa que transcorren pola zona protexida da Rede Natura 2000. A extensión que teñen cada unha de elas (ruta de Adro Vello ou ruta de Con Negro) teñen aproximadamente uns tres kilómetros de distancia.

DATAS

Maio, a concretar co centro.

HORARIO

10:00-13:00 horas. O horario é aproximado.

CONCURSOS ESCOLARES

NOME DA ACTIVIDADE: CONCURSO ESCOLAR DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL

OBJECTIVOS

Concienciar á poboación grovense sobre as causas, os efectos e as solucións asociadas ao cambio climático e á perda da biodiversidade.

DESTINATARIOS

5º e 6º de Primaria e 3º e 4º de Secundaria

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Concurso de fotografía. As imaxes deben facer referencia á biodiversidade e outros aspectos relacionados co medio ambiente do municipio. As fotografías presentadas expóñanse na Casa de Cultura Lueiro Rey durante a semana de conmemoración do Medio Ambiente – 5 de xuño-.

DATAS DA ACTIVIDADE

Os traballos entregaranse en cada centro escolar do 1 ao 30 de abril. O xurado valorará as fotografías en maio e no mes de xuño farase a exposición. A entrega dos premios será o 4 de xuño. As bases do concurso daranse a coñecer aos centros en xaneiro.

NOME DA ACTIVIDADE: CONCURSO ESCOLAR ¿QUE É UNHA TENDA PARA TI?

OBJECTIVOS

Saber como perciben os escolares o comercio.
Poñer en valor o pequeno comercio do municipio.
Que os nenos e nenas reflexionen sobre os valores do comercio e a importancia de revitalizar as rúas.

DESTINATARIOS

Alumnos de 1º a 6º de Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Concurso de debuxo ou redacción, dependendo das idades. As bases presentaranse aos colexios durante o curso escolar.

NOME DA ACTIVIDADE: CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL – CONCURSO DE RELATOS CURTOS

OBXECTIVO

Fomentar a escritura creativa entre a mocidade e o gusto pola lectura.

DESTINATARIOS

Alumnos de Secundaria e Bacharelato

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Os tres relatos premiados serán publicados na revista Sustansia do mes de abril, mes de conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e do Día do Libro, e recibirán un lote de libros.

DATAS DA ACTIVIDADE

As bases do concurso presentaranse nos institutos durante o mes de novembro.